



Plan de igualdade: proxecto

Índice

1.	Introdución.....	1
2.	Contextualización normativa e do centro	2
3.	Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero, coa LGBTIfobia e co país de procedencia do alumnado.....	3
4.	Obxectivos coeducativos que se abordan no plan	5
5.	Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.....	6
6.	Seguimento e avaliación	7

1. Introducción

Este plan foi aprobado no curso 2019-20.

No IES urbano Lugo levamos anos traballando en materia de Igualdade. Pero este primeiro Plan que elaboramos pretender ser un proxecto no que imos plasmar a situación real do centro e que nos sirva de guía para seguir traballando en principios de coeducación e igualdade de oportunidades, independentemente de factores de xénero, sexo, raza, relixión, etc.

Os factores fundamentais que pretendemos lograr con este proxecto teñen relación directa cos seguintes principios

- Igualdade entre mulleres e homes.
- Non discriminación.
- Respetto dos dereitos e liberdades fundamentais de mulleres e homes.
- Empoderamiento.
- Transversalidade das actuacións que contempla o Plan. Incorporar a perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento das actividades do centro educativo e entre as institucións que colaboran.
- Visibilidade. É preciso poñer o acento a necesidade de visibilizar ás mulleres e a súa contribución ao desenrolo das sociedades, poñendo en valor o traballo que, histórica e tradicionalmente, realizaron na súa loita pola igualdade. Analizando, cando están presentes, qué modelos representan, qué valores transmiten e no que isto repercute no modelo social, sendo necesario reflexionar sobre a súa ausencia nalgún ámbito e sobre a duración de papeis sociais diferenciados e discriminatorios, detectando e denunciando os tratos diferenciados, discriminatorios e as desigualdades.
- Inclusión e educación na diversidade.
- Participación de toda a comunidade educativa (persoal do centro, docente e non docente, alumnado e familias).



- Corresponsabilidade: A elaboración do plan e todas as actuacións que se deriven, partiran do principio de responsabilidade compartida entre todas as persoas que integran a comunidade educativa.
- Uso de linguaxe e materiais curriculares non sexistas e inclusivos.
- Resolución pacífica de conflitos.

Os e as docentes, como formadores da futura sociedade, debemos ter en conta que o principio básico para levar a cabo unha convivencia de calidade é a igualdade entre o alumnado; sendo esta unha demanda social á que desde os centros de ensino debemos dar resposta. Que mulleres e homes sexan iguais quere dicir que teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e social, compartan as responsabilidades familiares, laborais e de poder. Isto esixe tomar aquelas medidas que posibiliten que a igualdade formal se converta en igualdade real.

2. Contextualización normativa e do centro

MARCO LEGAL

- No ámbito estatal o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.
- O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación "o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero". No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a "educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)".
- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece no seu artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes. O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros. E no artigo 24 a Integración do principio de igualdade na política de educación.
- Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- O Pacto de estado contra a Violencia de xénero do 27 de xullo de 2017, recolle no punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino
- LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase esta lei que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establécense nos Artigos 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 26
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Artigos 3, 7 e 10.
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero
- A Instrución do 6 de setembro, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación educativa, a que dita as pautas para a elaboración de este Plan de Igualdade.

CONTEXTUALIZACIÓN NO CENTRO

- Este Plan formará parte do Proxecto Educativo e desenvolverase anualmente no marco da Programación Xeral Anual.
- Como xa temos aprobado no noso Proxecto Educativo de centro:
 - O noso centro maniféstase garante do principio de aconfesionalidade recollido na Constitución e polo tanto defínese como pluralista, tolerante e respectuoso con tódalas tendencias culturais, ideolóxicas e relixiosas que respecten e practiquen o respecto polos dereitos humanos.
 - A educación e a convivencia desenvolveranse nun marco de solidariedade, tolerancia e respecto á liberdade de cada quen, á súa personalidade e a as súas conviccións e culturas.



- O centro garantizará a liberdade de expresión a tódolos membros da comunidade educativa, dentro dun marco democrático, e fomenta as actividades complementarias e extraescolares planificadas e autorizadas por quen corresponda.
- Rexeitase calquera tipo de discriminación por razón de nacemento, educación, raza, sexo ou relixión
- Respetarase o principio de igualdade de dereitos e deberes para tódolos membros da comunidade educativa, sexan alumnos, alumnas, profesorado, pais, nais ou persoal non docente
- No instituto practícarase unha educación para a igualdade, sen discriminacións por razón de sexo e superadora de mitos e tabús. Isto supón, por unha banda, unha actitude do profesorado tendente a superar condutas que incidan nos papeis tradicionais de home e muller, e por outra, utilizar unha metodoloxía didáctica que proporcione aos alumnos e alumnas imaxes diversificadas e non convencionais dun e outro sexo.
- A formación do alumnado non debe limitarse a metas estritamente académicas, senón converterse nun obxectivo que partindo da súa situación concreta, así como do seu entorno socio-cultural, aspire a conseguir un desenvolvemento persoal, global e integrador.
- Buscarase consolidar hábitos non discriminatorios, corrixindo prexuízos e pretenderase que os alumnos e alumnas alcancen unha información sexual suficiente e científica e consoliden, como actitudes básicas, a aceptación do propio corpo e a naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade, os hábitos de hixiene e o respecto ás diferentes manifestacións da mesma.
- No Plan de Convivencia do centro queda plasmado que se propoñerán medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da LOMCE, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero. Tamén se proporán actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos. A Comisión de Convivencia adoptará as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro. Tamén é a encargada de impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- O plan de acción tutorial contempla nas súas liñas de traballo: a prevención da violencia de xénero e violencias de orixe sexistas, a orientación académica e profesional libre de sesgos sexistas, o fomento das vocacións científicas, aspectos do desenvolvemento persoal (autoconceito, autoestima, autorregulación emocional, habilidades sociais), a autonomía e o coidado, coñecemento do corpo, masculinidades igualitarias (homes corresponsables, paternidades coidadoras) e los bos tratos nas relacións afectivas.
- No Plan de convivencia e nas Normas de Organización e Funcionamento temos presente a resolución pacífica dos conflitos con perspectiva de xénero, o respecto e o coidado polas identidades e sas culturas, as sexualidades e a súa diversidade, fomentar relacións de convivencia sas e en equidade entre o alumnado, profesorado, familias e resto da comunidade educativa.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia dexénero, coa LGBTIfobia e co país de procedencia do alumnado

Con este Plan de Igualdade imos intentar detectar e visibilizar as desigualdades que se producen tanto na práctica docente como na organización escolar do noso centro. Podéndonos servir de punto de partida á hora de expor os obxectivos e actuacións que corrixan esas desigualdades e permitan avanzar na construción de contornas educativas igualitarias, “libres de estereotipos sexistas” e que nos levan a elaborar este Plan. O diagnóstico será avaliable anualmente.

SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO		
ÓRGANO/EQUIPO/CURSO...	Nº HOMES	Nº MULLERES
■ EQUIPO DIRECTIVO	2	3
■ CLAUSTRO	40	30
■ CONSELLO ESCOLAR	5	15
■ COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	9	16
■ EQUIPO DA BIBLIOTECA	3	5
■ EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	3	6



▪ ALUMNADO ESO	93	68
▪ ALUMNADO BACHARELATO	20	20
▪ ALUMNADO FP BÁSICA	50	2
▪ ALUMNADO CICLOS FORMATIVOS	331	11
▪ TOTAL ALUMNADO	494	101
▪ XUNTA DE DELEGADOS E DELEGADAS	25	6
▪ PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	0	10

- O noso centro, quizás polas familias profesionais que oferta, historicamente profesións vinculadas aos homes, ten unha maioría considerable de alumnos sobre alumnas, 101 alumnas sobre 494 alumnos. A maior parte da Xunta de Delegados está formada por homes, pero as representantes do alumnado no Consello Escolar son 4 rapazas. Con respecto ao profesorado hai 40 homes e 30 mulleres. A pesar de que os homes son maioría no claustro, son as mulleres as que ocupan os postos da maior parte dos equipos e órganos de coordinación docente. Maioría de mulleres no Consello escolar, na CCP, nos equipos de Biblioteca e normalización, etc. No persoal non docente hai 10 mulleres e ningún home.
- No centro levamos anos traballando en materia de igualdade. A través de talleres afectivo-sexuais no Plan de acción tutorial procuramos que o alumnado adquira información e actitudes de respecto e tolerancia pola diversidade sexual.
- Na biblioteca do centro existe moito material relacionado coa igualdade de xénero que é de acceso ao alumnado e familias.

SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA VIOLENCIA DE XÉNERO

- No centro levamos anos traballando en materia de violencia de xénero, non só con talleres e actividades diversas, senón tamén a través de diferentes actividades puntuais e moi difundidas a nivel de centro nos días 25N ou 8M: Manifestacións de toda a comunidade rexeitando actos de violencia machista (minutos de silencio, lecturas), carteis nas aulas e no centro promovendo os espazos libres de violencia machista, actividades de #LugrisenNegro, comandos de alumnado contra as violencias machistas, lecturas...
- Entre o equipo directivo e o profesorado procúrase sempre unha actitude de alerta ante posibles casos que poidan xurdir.
- Entre o alumnado hai casos de rapaces e rapazas que sufriron ou sofren situacións de violencia de xénero no seu entorno familiar.

SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA LGTBIFOBIA

- No centro non se detectan situación de desprezo ou violencia cara as persoas LGTBI, pero si hai que promover actitudes tolerantes e respectuosas ante a diversidade sexual e afectiva e os diferentes modelos de familias.

SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN CO PAÍS DE PROCEDENCIA DO ALUMNADO

- No IES Urbano Lugrís contabilízase un 23% de alumnado inmigrante, pero si temos en conta os grupos da ESO e Bacharelato (200 alumnos e alumnas) a porcentaxe de alumnado procedente dun país estranxeiro supera o 30% .
- No centro estuda alumnado de 26 nacionalidades diferentes.
- O instituto é un dos elementos fundamentais encargado de cubrir as necesidades e demandas derivadas do intento de vivir e educar dentro da igualdade e, sobre todo, da equidade, é dicir, o feito de ofrecer a todos as mesmas oportunidades, dentro da súa diversidade, para alcanzar os obxectivos desexados, favorecendo a percepción dos compañeiros e compañeiras de xeito positivo, rexeitando as discriminacións e educando no respecto ás múltiples diferenzas provenientes de todos os aspectos da persoa, neste caso, da etnia, o país, a relixión ou a cultura existentes dentro do marco escolar.
- No centro levamos anos traballando en materia de potenciación da diversidade cultural e poñendo en valor este aspecto, pero hai que seguir insistindo cada ano neste traballo.
- Moito deste alumnado ten unha incorporación tardía ao sistema educativo e hai que buscar as estratexias académicas e relacionadas cos medios e recursos para que a integración sexa o máis rápida e por suposto o menos traumática posible.



4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan

O Plan de Igualdade consignará o conxunto de obxectivos que guiarán a actuación da comunidade educativa durante o curso académico en relación á Educación en Igualdade.

PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

- Fomentar a diversificación profesional como forma de promover unha elección académica e profesional libre e como vía de eliminación progresiva da segregación ocupacional vertical e horizontal
- Sensibilizar, implicar e formar á comunidade educativas en materia de igualdade de xénero e coeducación.
- Integrar o principio de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como parte do modelo pedagóxico do Centro a través das actividades de fomento da Educación en Igualdade.
- Elaborar e divulgar materiais coeducativos, plans, protocolos e orientacións que faciliten o labor do profesorado na construción da igualdade en todos os ámbitos da súa práctica docente.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupoña a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- Potenciar o uso da linguaxe non sexista nos documentos de comunicación tanto interna como externa.
- Fomentar o uso de materiais didácticos que non conteñan linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propoñendo ferramentas alternativas cando se detecten elementos sexistas.
- Favorecer un uso equilibrado dos espazos deportivos por parte das nenas e dos nenos.

PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- Sensibilizar sobre a violencia de xénero e previr situacións de violencia.
- Favorecer a toma de consciencia e desenvolver accións sobre a prevención da violencia de xénero e a violencia de orixe sexista.
- Levar a cabo os obxectivos do Plan de Acción tutorial neste aspecto cos obradoiros preventivos de violencia de xénero, charlas de expertos ou profesionais involucrados e continuarase propulsando o traballo das habilidades sociais.
- Aplicar o protocolo de prevención, detección e intervención nos casos de violencia de xénero, publicado pola Consellería de Educación, e do que dispoñemos na páxina web da mesma, no espazo EDUCONVIVES.

PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

- Impulsar medidas para fomentar educación afectivo-sexual .
- Previr calquera tipo de violencia en todos os seus aspectos.
- Educar na empatía.
- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal ou física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.
- Promover o respecto á libre orientación sexual e a identidade de xénero e o rexeitamento a todo tipo de violencia ou agresión sexual.

PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGTBIFOBIA

- Impulsar medidas para fomentar educación afectivo-sexual .
- Previr calquera tipo de violencia en todos os seus aspectos.
- Educar na empatía.
- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal ou física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.
- Promover o respecto á libre orientación sexual e a identidade de xénero e o rexeitamento a todo tipo de violencia ou agresión sexual.



5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear dúas persoas responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade: un representante do profesorado e outro do alumnado.
- Crear unha comisión a nivel de centro compostas polos dous representantes do consello escolar e outros membros da comunidade educativa.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención as familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Revisar os documentos de xestión e organización do centro (páxina web, sala de profesorado, secretaría, programacións, circulares, etc.) e substituír os que fagan uso de linguaxe sexista e para que fagan uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Ofertar materias específicas de igualdade de xénero como materias de libre configuración.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, as modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas (Concello, CFR, UDC...)
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo, etc...
 - Taller "Ni más ni menos, solo diferentes" nos cursos da ESO
 - Taller "Somos dos-yo también cuento" nos cursos da ESO
 - Exposición na Delegación do Goberno: Las chicas somos guerreras...y también ingenieras y científicas, tecnólogas, matemáticas... para alumnado de Bacharelato
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para o alumnado do centro.
 - Talleres afectivo-sexuais nos cursos da ESO
 - Taller de socialización diferenciada "Libres de etiquetas" nos cursos da ESO
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
 - Continuar co proxecto de Aulas en feminino. Proxecto que comezou no curso 2018/19 que consiste en dar nome de muller a cada aula/taller/espazo do centro. O obxectivo é visibilizar ás mulleres dos distintos campos do saber, da cultura, da ciencia, do deporte... e involucrar ao alumnado no labor de investigación, coñecemento e estudo destas mulleres.
 - Actividades 25 novembro #LugrisenNegro
 - Comandos de violencia machista.
- Outras actividades con temática relacionada coa igualdade:
 - Asistencia á obra de teatro "Don Juan Tenorio" onde se trata o romanticismo levado ás últimas consecuencias
 - Asistencia á obra de teatro "Vestido de voda" na que se abordan as relacións de parella onde hai unha actividade de reflexión co alumnado participante
 - Asistencia á obra de teatro "El coloquio de los perros" onde se tratan as virtudes e defectos do ser humano, e tratan distintos valores de amor, amizade...
 - Promover á igualdade a través das actividades do Club de Cine, do Club de Lectura, do Club de Ciencia...

ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias

XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

- Difundir información a través dun taboleiro no centro colocado no hall do instituto.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.



- Aumentar a dotación de material para a biblioteca escolar en materia de igualdade e difusión deste material en entre a comunidade educativa.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto a diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional, facendo especial interese na oferta de FP do centro.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. Seguimento e avaliación

- Por norma xeral, as actuacións que contén este Plan de Igualdade requirirán que, ademais de avaliar a actividade en si, se avalien tamén a resposta do alumnado, a do profesorado e os recursos existentes.
- Realizarase revisións periódicas do Plan de Igualdade, así como do noso traballo.
- Farase un seguimento das actividades do plan que se van a executar.
- Avaliación final: realizarase a final de cada curso escolar e analizarase o cumprimento dos obxectivos que se propoñían coa execución do proxecto, o resultado favorable ou desfavorable das medidas específicas levadas a cabo, as deficiencias detectadas e as posibles opcións de mellora ou alternativas, por todos os participantes da nosa comunidade educativa.
- Os departamentos didácticos do centro recollerán na súa Memoria o seguimento do mesmo, e proporán actuacións de mellora se así o consideran.
- Unha vez executadas todas as actividades planificadas realizarase a avaliación final do Plan de Igualdade no seu conxunto que se reflectirá nun apartado da Memoria Final de Centro. Esta memoria debe incluír información sobre os resultados obtidos, erros cometidos, necesidades que quedan sen cubrir e posibles melloras

IES Urbano Lugo

Xuño 2020